Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2022

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. O elevado grao de incerteza e o mantemento das acusadas tensións inflacionistas seguen a caracterizar o contexto internacional no que se desenvolve a economía galega. En agosto, os prezos medraron un 11% respecto ao ano anterior (3,9% en 2021), sendo esta porcentaxe do 29,2% no caso da vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles, e do 37,7% nos produtos enerxéticos. A inflación subxacente situouse no 7% fronte ao 1% do ano anterior. Neste marco xeral as recentes previsións tanto da OCDE como do Banco de España ou do goberno de España reducen significativamente o crecemento para 2023, e ao mesmo tempo contemplan un elevado nivel de prezos.

2. Impulsado en gran medida pola demanda externa, a actividade económica de Galicia modera o seu crecemento que se sitúa no 4,4%, sete décimas menos que nos dous trimestres anteriores. Esta ralentización, estimada tamén para o conxunto da UE-27 e da zona euro, contrasta cun maior dinamismo da economía española (6,8%). Porén, Galicia atópase preto de acadar o seu nivel precrise (tan só cinco décimas por baixo), estando a economía española máis rezagada en comparación coa media europea e as principais economías europeas, que xa o acadaran. É moi probable que Galicia supere o 100% no terceiro trimestre de 2022 recén rematado.

3. No concernente á demanda interna, cómpre resaltar que no último trimestre se racha a tendencia negativa do investimento, así como a contracción do gasto en consumo final das AA.PP por terceiro trimestre consecutivo e a moderación do gasto privado. No caso do sector exterior, fronte ao incremento interanual das exportacións volven a reducirse as compras fóra de Galicia. Comparado co total estatal, o diferencial de crecemento explícase pola evolución do todos os compoñentes, que presenta un peor comportamento.

4. Dende o lado da oferta, o crecemento do PIB en Galicia explícase en boa medida polo comportamento do sector servizos, impulsado polas actividades do comercio, transporte e hostaleira, mantendo tamén a industria manufactureira taxas positivas de crecemento. Isto contrasta coa contracción experimentada polo sector primario, permanecendo constante a actividade da construción. Comparado co total estatal, hai que salientar que o devandito diferencial de crecemento explícase polo mellor comportamento no Estado dos grandes sectores e ramas de actividade agás o sector primario, quen presenta unha contracción superior á estimada en Galicia.

5. A ralentización da actividade económica trasládase o mercado de traballo, que se caracteriza por unha moderación da ocupación no segundo trimestre do ano. A

creación de emprego concentrouse basicamente no sector servizos, nos asalariados do sector privado e nas persoas con estudos superiores. Asemade, influenciado polo cambios normativos, a creación de emprego céntrase totalmente no emprego indefinido. Pola contra, o emprego reduciuse na construción e no sector primario, así como entre os asalariados do sector público e empresarios con asalariados. Ao igual que en informes anteriores cómpre insistir en que Galicia mantense entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidas, así como a súa menor intensidade na creación de emprego en comparación co rexistrado en España.

6. No que atinxe á evolución do desemprego, tras un descenso da poboación parada experimentado no último trimestre, a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 11,2%, que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das comunidades autónomas (12,5% en España). As taxas de paro reflicten que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino que ao masculino, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios os colectivos máis afectados polo desemprego. É importante mencionar que tras o acusado incremento do desemprego de longa duración consecuencia do impacto da covid, este indicador presenta por segundo trimestre consecutivo un descenso respecto ao trimestre anterior, se ben esta caída é inferior ao desemprego total.

7. A carón dos indicadores básicos da competitividade rexional (infraestruturas, sanidade, educación, I+D, mercado de traballo...) é importante considerar a competitividade fiscal dado o seu impacto sobre as actividades empresariais e sobre o uso e custo dos recursos. Os datos correspondentes aos anos 2021 e 2022 (elaborado este último no mes de setembro, antes das últimas reformas aprobadas en diferentes CC.AA.) manteñen a Madrid, Biscaia, Álava e Guipúzcoa como as rexións cunha mellor posición, sendo as menos competitivas Cataluña, a Comunidade Valenciana e Aragón. Galicia e Navarra son as que presentan unha mellor evolución relativa, situándose na oitava e undécima posición fronte ao posto doce e catorce do ano anterior. Entre os distintos compoñentes, Galicia sitúase entre as rexións máis competitivas no ámbito do imposto de sucesións e patrimonio (primeiro e segundo lugar, respectivamente), o que contrasta coa tributación autonómica propia e o ITP e AXD (décimo quinta e décimo cuarta posición, respectivamente).

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.
II -ÍNDICE AUTONÓMICO DE COMPETITIVIDADE FISCAL 2022

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Outubro 2022

I- ANÁLISE DE CONTAS

Actividade económica en Galicia no segundo trimestre de 2022. Mantense o elevado grado de incerteza e a ameaza dunha espiral inflacionista

O elevado grado de incerteza e o mantemento das acusadas tensións inflacionistas seguen a caracterizar o contexto internacional no que se desenvolve a economía galega. As recentes previsións tanto da OCDE como do goberno de España, se ben melloran lixeiramente as previsións de cara a ano 2022, reducen significativamente o crecemento para 2023, e ao mesmo tempo contemplan un elevado nivel de prezos.

A reactivación da economía galega segue a ser menos intensa que a do conxunto do Estado, ralentizando no último trimestre o seu crecemento que se sitúa no 4,4%, sete décimas menos que nos dous trimestres anteriores. Esta moderación no ritmo de crecemento tamén se rexistra nas economías do conxunto da UE-27 e da zona euro, o que contrasta co maior dinamismo da economía española. Con todo, a recuperación da actividade económica en Galicia e España dende o inicio da crise segue a estar rezagada en comparación coa media europea e as principais economías europeas.

O crecemento agregado do PIB galego caracterízase por unha contribución positiva tanto da demanda interna como externa, sendo esta última moito máis acusada (0,1 e 4,3 puntos, respectivamente). Todos os compoñentes da demanda presentan un peor comportamento que no conxunto do Estado, debendo destacar en Galicia que o investimento racha a súa tendencia negativa, a contracción do gasto en consumo final das AA.PP por terceiro trimestre consecutivo e a moderación do gasto privado. No caso do sector exterior, fronte ao incremento interanual das exportacións volven a reducirse as compras fóra de Galicia.


Dende o lado da oferta, o crecemento do PIB en Galicia explícase en boa medida polo comportamento do sector servizos, impulsado polas actividades do comercio, transporte e hostaleira, mantendo tamén a industria manufactureira taxas positivas de crecemento. Isto contrasta coa contracción experimentada polo sector primario, permanecendo constante a actividade da construción.

ACTIVIDADE ECONÓMICA

Nun contexto global que segue marcado polo impacto da invasión rusa a Ucraína, as alteracións das cadeas de subministros globais da industria manufactureira, o mantemento das fortes tensións inflacionistas, que inciden negativamente na actividade económica a través de prezos de materias primas, especialmente enerxéticas e alimenticias, e no empeoramento da confianza empresarial, a actividade económica galega, ao igual que a do conxunto da UE-27 e a zona euro, presenta unha ralentización no ritmo de crecemento do seu PIB. Neste contexto, as últimas previsións publicadas pola OCDE constatan o deterioro da economía global, europea e española, corrixindo as previsións de crecemento do PIB á baixa para o ano 2023 e incrementando as estimacións de inflación.

Fronte á ralentización da economía no conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e os da zona euro, cunha medra interanual lixeiramente superior ao 4% no segundo trimestre do ano fronte aos case 5,5% no trimestre anterior, a economía española, tras a corrección de medio punto respecto ás estimacións de xullo, presenta un incremento

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual




	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II
		2020				2021				2022	
Zona euro	1,2	-2,9	-14,3	-3,7	-4,1	-0,8	14,4	3,7	4,6	5,4	4,1
UE-27	1,4	-2,3	-13,5	-3,6	-3,8	-0,8	13,9	4,0	4,8	5,5	4,2
Alemaña	0,9	-1,2	-10,4	-2,5	-2,1	-2,2	10,2	1,8	1,2	3,5	1,7
Francia	1,1	-5,2	-18,6	-3,6	-4,2	1,5	18,6	3,6	5,0	4,7	4,2
Portugal	2,8	-2,6	-17,8	-6,2	-6,6	-4,9	17,0	5,0	6,6	12,0	7,4
España	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,7	6,8

Fonte: Eurostat e INE

do 6,8% cando no trimestre anterior se situaba no 6,7%. Entre as principais economías da zona euro, cómpre resaltar en primeiro lugar o forte ralentización da economía de Alemaña, cun crecemento interanual do 1,7% fronte ao 3,5% estimado no trimestre anterior; asemade, Portugal segue a presentar unha medra significativamente superior á media europea, cunha medra do 7,4% fronte ao 12% no primeiro trimestre.

Tras a devandita evolución do PIB, a economía española segue a estar rezagada en comparación cos principais principais países europeos no concer-

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)




Fonte: Eurostat

nente á recuperación dos niveis precrise. En concreto, no segundo trimestre de 2022 o PIB (termos reais) de España estaba 2,2 puntos porcentuais por baixo do nivel do último trimestre de 2019, cando a UE-27 atópase 1,8 puntos por riba, ou Francia e Portugal, principais socios comerciais de Galicia, o están 1,1 e 2 puntos, respectivamente.

No que á evolución da economía galega se refire, o PIB en Galicia segue a presentar taxas de variación interanuais inferiores ás do conxunto do Estado, aumentando o diferencial das taxas de

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2022. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

(1) A análise dos datos de crecemento interanuais están condicionados polo feito de que no primeiro trimestre do ano anterior aínda existían importantes restricións derivadas da pandemia.

crecemento nos últimos trimestres. No segundo trimestre de 2022 a actividade económica medrou un 4,4% respecto ao ano precedente, sete décimas menos que nos dous trimestres anteriores. Esta ralentización contrasta co incremento do 6,8% estimado para a economía española, unha décima superior á rexistrada no primeiro trimestre.

Tendo en conta o menor impacto da crise orixinada pola pandemia, a economía galega atópase máis preto de acadar o nivel precrise que a media española e das principais CC.AA. Dunha banda, o PIB galego atópase no segundo trimestre de 2022 cinco décimas por baixo do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria, sendo este diferencial de 2,2 puntos no caso da economía española. En termos comparados, transcorridos os mesmos trimestres dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB galego situábase 3,7 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 4,1 puntos no caso de España. Doutra banda, a comunidade autónoma de Navarra mantén un mellor comportamento que a economía galega superando xa o nivel previo á pandemia, mentres que o PIB de País Vasco e Cataluña situábase oito décimas e 1,2 puntos por baixo, respectivamente.


Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2022



Fonte: IGE e INE

(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).

Evolución da actividade económica 2020-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)




Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

O crecemento do PIB en Galicia e España no segundo trimestre ven motivada tanto por unha achega positiva da demanda interna como, en maior medida, da externa. Con todo, mentres que a demanda externa explica a reactivación da actividade económica galega dende o terceiro trimestre de 2021, na economía española a súa contribución ao crecemento agregado do PIB tan só é superior á demanda interna neste último trimestre.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que entre abril e xuño a demanda externa achega 4,3 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB en tanto que no trimestre anterior aportaba 4,7 puntos. No conxunto do Estado a demanda externa contribúe en maior medida que en Galicia ao seu crecemento do PIB, con 4,9 puntos, máis de dous puntos porcentuais que no trimestre anterior (2,8 puntos). Asemade, a demanda interna presenta en Galicia unha achega positiva de tan só unha décima, contribución que se si-

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2022



Fonte: IGE e INE

túa en 1,9 puntos para o conxunto da economía española (0,4 e 2,8 puntos no trimestre anterior).

Dende o punto de vista da demanda interna, o diferencial de crecemento da economía galega e española explícase polo maior dinamismo tanto do consumo final como do investimento. Dunha banda, a pesar de que o investimento en Galicia racha a súa tendencia descendente, este presenta no último trimestre unha medra interanual do 0,4%, porcentaxe que se sitúa máis de cinco puntos por baixo do estimado en España (5,7%). Doutra banda, o gasto en consumo final mantense constante respecto ao ano anterior en Galicia motivado pola acusada contracción do gasto público (-4,4%), que contrasta co incremento do 1,8% experimentado no caso do gasto privado. No conxunto de España, o gasto en consumo final das administracións públicas descende un 2,9% respecto ao ano anterior, en tanto que o consumo privado medra un 2,4%. Como reflicte o cadro macroeconómico de Galicia e España, o gasto público contráese por terceiro trimestre consecutivo, ralentizándose o dinamismo do consumo dos fogares.

En relación á situación previa á pandemia, tanto o gasto en consumo final, impulsado polo comportamento do gasto das familias, como o investimento presentan en Galicia e España un nivel inferior ao rexistrado no derradeiro

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2022. Taxas de variación interanual.


%

	2019	2020	2021	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV	2022/I	2022/II
Produto Interior Bruto	1,1	-8,9	5,2	-2,4	16,0	3,5	5,1	5,1	4,4
Demanda									
Gasto en consumo final	-1,4	-7,2	3,7	0,3	15,1	0,5	0,5	1,0	0,0
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,5	-11,4	4,2	-1,4	19,0	-0,4	1,9	2,5	1,8
AA. Públicas	1,8	4,8	2,7	4,6	6,5	3,0	-2,9	-2,5	-4,4
Formación Bruta de Capital	3,7	-11,8	1,1	-2,4	15,6	-3,5	-3,1	-2,6	0,4
Achega demanda interna ao PIB	-0,6	-7,9	3,2	-0,2	14,9	-0,1	-0,1	0,4	0,1
Exportacións	0,6	-5,8	9,9	5,2	38,0	-0,7	4,7	4,0	7,3
Importacións	-2,5	-4,0	6,5	10,0	36,8	-6,9	-4,3	-4,1	-0,3
Achega demanda externa ao PIB	1,7	-1,0	2,0	-2,2	1,1	3,6	5,2	4,7	4,3
Oferta									
Sector primario	0,2	-3,9	-0,5	-3,6	-0,9	0,1	2,7	1,3	-0,7
Industria	-6,9	-9,2	4,1	0,6	17,7	0,8	-0,3	-4,3	1,2
Industria manufactureira	0,0	-10,4	6,1	1,2	26,5	-0,3	1,8	1,4	4,7
Construción	5,8	-9,4	-2,4	-7,2	8,3	-4,9	-4,3	-1,7	0,0
Servizos	2,9	-8,8	6,6	-2,4	17,5	4,9	7,8	8,6	6,5
Comercio, transporte e hostalería	0,4	-21,9	15,0	-9,9	46,6	11,9	22,8	24,5	19,7
Información e comunicacións	11,4	0,2	-0,1	-7,7	0,7	0,4	6,7	11,9	13,6
Actividades financeiras e de seguros	1,4	4,8	6,7	12,9	8,6	5,0	1,1	-2,1	-2,1
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	0,3	-0,3	0,2	0,5	0,8	0,8	0,8
Actividades profesionais	11,6	-10,2	4,8	-1,9	28,5	-1,0	-1,3	2,5	-3,2
Administración pública, sanidade e educación	2,2	1,0	3,2	2,1	4,7	4,4	1,8	1,8	0,2
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	5,9	-20,1	9,6	-4,4	50,2	2,2	4,1	2,4	-3,0

Fonte: IGE

trimestre de 2019. Mentres que na economía española ambos compoñentes presentan un diferencial de catro puntos porcentuais entres os dous períodos considerados, no caso de Galicia o impacto negativo no investimento é

PIB real en Galicia e España no segundo trimestre de 2022. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual




significativamente superior, sendo este diferencial de 8,6 puntos fronte aos 3,1 no caso do gasto en consumo final. Atendendo á evolución dos dous compoñentes do gasto, mentres que o consumo dos fogares redúcese un 5,6% entre os dous trimestres considerados, case un punto menos que en España (-6,4%), o gasto en consumo das administracións públicas atópase neste segundo trimestre do ano 4,2 puntos por riba (3,2% en España).

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no segundo trimestre de 2022 a demanda externa contribúe ao crecemento agregado do PIB con 4,3 puntos porcentuais, influenciado por unha medra do 7,3% das exportacións e unha contracción do 0,3% no caso das importacións. No conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha medra superior ao 23% aumentando as importacións case un 9%, polo que a contribución positiva da demanda externa aumenta ata os 4,9 puntos porcentuais fronte aos 2,8% do trimestre anterior. Cómpre resaltar que as exportacións galegas e españolas superan o nivel precrise, sendo esta recuperación máis intensa na economía española; en tanto que as

Fonte: IGE e INE

PIB real en Galicia e España no segundo trimestre 2022. Indicadores de demanda. Base IV trimestre 2019 = 100



Fonte: IGE e INE


importacións galegas de bens e servizos atópanse lixeiramente por baixo do estimado no cuarto trimestre de 2019. En concreto, as exportacións en Galicia superan nun 5,9% o valor previo á crise (10% en España), e as importacións sitúanse en Galicia un 0,4% por baixo (6,2% por riba no conxunto do Estado).

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no segundo trimestre de 2022 medra un 30,1% respecto ao ano anterior, acadando os 7.643,3 millóns de euros (1.767,4 millóns máis), o que supón o valor máis elevado nun segundo trimestre. Este incremento ven motivado en boa medida polo comportamento experimentado polo sector enerxético, cunha medra de case o 250% (643,3 millóns de euros), e polo sector téxtil-confección, que tras un incremento do 50,3% (593,3 millóns de euros) se sitúa como primeiro sector exportador por diante do automóbil. Por contra, o valor das exportacións do sector automóbil no seu conxunto redúcese un 2,3% (30,4 millóns menos). Tras esta evolución, entre xaneiro e marzo as exportacións galegas correspondentes ao sector téxtil-confección representan 22,1%, fronte ao 17% do sector

do automóbil. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal aumenta lixeiramente ata o 7,5%, dúas décimas máis que no mesmo período do ano anterior.

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 73,8% das exportacións, case cinco puntos e medio superior ao rexistrado no ano anterior, dirixíndose ao resto do continente europeo un 7,8% das vendas exteriores. África do norte mantense como a terceira área comercial ao acoller o 5,1% das exportacións galegas (5% en 2021). Comparado co ano anterior, o valor das exportacións á UE-27 medra un 40,3%, o que supón 1.622,4 millóns de euros máis, destacando tamén o incremento experimentado nos

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2008-2022. Datos acumulados abril-xuño



Fonte: ICEX


mercados de América do norte, cunha medra do 55,7% (99,5 millóns de euros máis) e África do norte, cun 32,1% (93,9 millóns). O incremento das vendas aos mercados asiáticos aumentan un 35,9%, o que equivale a 98,5 millóns de euros máis.


Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 17,6% do total, 3,4 puntos menos que no ano anterior (21%), o que supón o valor máis reducido nun segundo trimestre dende o ano inicio da crise de 2008. A continuación sitúanse novamente Portugal e Italia, que concentran o 14,2% e 8,8%, respec-

tivamente (12,5% e 8,7% no ano anterior). Os seis primeiros destinos dos produtos galegos son países da UE, situándose Marrocos e o Reino Unido en sétimo e oitavo lugar, ao acoller o 4,3% das exportacións (4% e 4,9% no ano anterior, respectivamente).

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do superávit rexistrado polas manufacturas de consumo, que acada un saldo positivo de 984,4 millóns de euros, importe 222 millóns superior ao do ano anterior (29,1%). Esta medra explícase polo comportamento do téxtil-confección, cuxo superávit ascende ata os 887,1 millóns de euros, un 28,1% máis que no mesmo período do ano anterior (194,3 millóns máis). No ámbito do automóbil, o subsector de fabricación de automóbiles rexistra unha redución do seu superávit, que se sitúa en 782,4 millóns de euros (11,2% inferior), descendendo ao mesmo tempo o saldo deficitario das vendas de compoñentes de motor, que se sitúa en 654,8 millóns (-16,4% respecto ao ano anterior). Por último cómpre mencionar que o sector dos alimentos multiplica por 4,5 o seu déficit no segundo trimestre do ano, influenciado fundamentalmente polo comportamento da pesca, cuxo saldo negativo aumenta

Exportacións galegas no segundo trimestre 2021-22. Principais países e sectores económicos





Fonte: ICEX

un 148,7% (sitúase en 97,7 millóns de euros), do sector de pensos animais, cunha medra do 84,8% (ascende a 119,6 millóns) e os cereais, cun incremento interanual do 75,9% (-91,7 millóns).


AGREGADOS DA OFERTA

O crecemento do PIB en Galicia no segundo trimestre volve a explicarse fundamentalmente polo comportamento do sector servizos, impulsado polas actividades do comercio, transporte e hostaleira. Isto contrasta coa contracción experimentada polo conxunto de actividades do sector primario, permanecendo constante a actividade da construción. Asemade, o sector industrial (incluídas as actividades extractivas, manufactureiras e enerxéticas), impulsado pola industria manufactureira, mantén taxas positivas de crecemento. O devandito diferencial de crecemento coa economía española explícase polo mellor comportamento no Estado, onde tan só o sector primario rexistra unha contracción superior á estimada en Galicia.

Dunha banda, o sector que presenta un maior dinamismo é o sector servizos, cunha taxa de variación interanual do 6,5% en Galicia, 1,2 puntos inferior á rexistrada en España. Este maior crecemento ven dado en boa medida polo comportamento do subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra interanual do 19,7% en Galicia, fronte aos 23,4% estimado para a economía española. Por contra, fronte á significativa contracción do subsector da administración pública, sanidade e educación en España, Galicia presenta unha medra do 0,2% respecto ao ano anterior. Por contra, chama a atención a caída da actividade en torno ao 3% nas actividades profesionais e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cando no conxunto do Estado aumenta un 8,6% e 18,7%, respectivamente. No caso do sector industrial, o seu dinamismo ven explicado pola evolución favorable da industria manufactureira, que presenta unha medra interanual do 4,7% en Galicia (1,4% no ano anterior) fronte ao 5,5% na economía española.

Fronte ao devandito comportamento do sector industrial e os servizos, o veb xerado pola construción permanece estable en Galicia, o que contrasta coa medra do 5,1% en España, en tanto que o sector primario contrae a súa produción tanto en Galicia como en España, sendo menos intensa na C.A.: -0,7% e -1,2%, respectivamente.

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2º trimestre de 2022: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


Se se comparan os niveis do valor engadido en termos reais xerado no segundo trimestre de 2022 cos niveis previos á pandemia, entre os catro grandes sectores tan só o sector servizos supera en Galicia o nivel precrise, a diferenza do acontecido na economía española onde é a sector primario o único que acada os niveis rexistrado no derradeiro trimestre de 2019. No ámbito do servizos todas as actividades agás as actividades profesionais e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, superan os niveis previos á crise, salientando pola súa importancia o comportamento das actividade comercial, transporte e hostalería, e a de administración pública, sanidade e educación; cuxo veb é un 6,4% e 4,6% superior, respectivamente. A contracción económica máis acusada na economía galega rexístrase no conxunto de actividades artísticas e recreativas, cun 15,2%, sendo un 9,1% inferior no caso das actividades profesionais.

Tanto en Galicia como en España o sector da construción é o que presenta a maior contracción, cunha caída próxima ao 12%. A industria manufactureira galega presenta unha caída infe-


rior á media estatal, que se sitúa 2,6 e 4,8 puntos por baixo do nivel de 2019, respectivamente. No extremo oposto, fronte á contracción do 4,3% experimentada en Galicia respecto ao nivel precrise, en España, o sector sitúase un 5% por riba.

No que á estrutura produtiva se refire, o sector servizos mantén un peso relativo superior ao 70%, destacando a actividade de comercio, transporte e hostalería, que concentra o 24,4% do veb galego, e a administración pública, sanidade e educación, co 19%. Tras o forte impacto da crise orixinada pola pandemia, que supuxo case a paralización de determinadas ramas de actividade, a importancia relativa destes dous sectores segue unha evolución diferente: fronte ao descenso experimentado no peso da administración pública, sanidade e educación, cuxo valor engadido total concentra no segundo trimestre de 2020 o 22,9% do veb galego fronte aos devanditos 19% actual, o subsector de comercio, transporte e hostalería, tras o acusado impacto negativo das medidas aprobadas para frear a expansión da pandemia, se recupera pasando do 16,8% do segundo

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2º trimestre de 2022: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

trimestre de 2020 aos 24,4% de 2022.

Asemade, cómpre mencionar que o peso da industria manufactureira aumenta no último trimestre do ano ata o 13,1%, seis décimas máis que no ano anterior, se ben lonxe do 14,1% acadado no mesmo período de 2008, ao comezo da crise financeira (12,5% ao comezo da recuperación económica en 2014). Vinculadas en gran me-

dida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, as actividades profesionais presentan unha caída ao concentrar o 6,2% fronte ao 7% no mesmo trimestre de 2021. O sector primario reduce a súa importancia relativa, ao representar o 4,7% do valor engadido xerado pola economía galega, tres décimas menos que no ano anterior.

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como o cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O que mide é a cantidade producida por unha economía tanto en termos de horas traballadas como de postos de traballo así considerados.

En termos reais, o segundo trimestre de 2022 caracterízase por unha medra interanual da produtividade en Galicia do 5,1% se se mide en termos de horas traballadas e do 1,9% se se calcula en termos de postos de traballo equivalente. Este incremento ven como resultado dunha medra do PIB do 4,4%, e un descenso interanual das horas efectivamente traballadas (-0,7%) ou unha medra do 2,5% no número de postos de traballo equivalente a tempo completo. No conxunto do Estado o número de horas efectivamente traballadas medra un 3,3% e os postos de traballo equivalente a tempo completo un 5,2%, do que resulta unha medra da produtividade do 3,5% e 1,6%, respectivamente.

Se se considera o PIB en termos monetarios, Galicia presenta unha produtividade aparente do factor traballo lixeiramente inferior á da economía española nos dous casos considerados. Dunha banda, a produtividade da economía galega no segundo trimestre do ano é un 2,2% inferior á media española medida en termos de horas traballadas e un 4,2% no caso dos postos de traballo a tempo completo. En ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española mellora ao longo do último ano, cando a produtividade era un 5% e 5,6% inferior á media española, respectivamente. No segundo trimestre de 2014, ao inicio da recuperación da crise financeira de 2008, a produtividade aparente da economía galega era o 88,8% da media no caso do traballo equivalente a tempo completo, e do 84,7% no caso da produtividade en termos de horas traballadas.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade, tan só a construción presenta unha produtividade aparente superior á media estatal en ambos os dous casos, o que contras-

ta coa menor produtividade no caso da industria, e en especial da industria manufactureira. Dunha banda, a produtividade aparente da construción en termos de horas traballadas representaba o 125,9% da media estatal e o 110,3% en termos de postos de traballo equivalente, porcentaxes significativamente superiores aos do ano 2014, co 84,7% e 93,4%, respectivamente. Doutra, e a pesar da mellora relativa a industria manufacture aínda presenta valores significativamente reducidos en relación á media española. A produtividade das actividades manufactureiras galegas supoñía o 77,% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 85,7% no caso das horas traballadas, situándose estas porcentaxes no 72,7% e 74,5% no ano 2014, respectivamente.

Asemade, o conxunto de actividades do sector servizos presentan unha produtividade lixeiramente superior á media estatal se se mide en termos de horas de traballo, ao supoñer o 100,4% da media española, o que contrasta co que acontece no caso do traballo a tempo completo (98,9%). Por contra, nas actividades do sector primario, a produtividade en termos de horas traballadas sitúase no 92,6% da media estatal, en tanto que en termos de tempo de traballo completo a produtividade relativa do sector en Galicia supera nun 2% á media española.

Produtividade aparente do factor traballo no 2º trimestre 2022. Taxas de variación interanual


HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	4,4%	-0,7%	5,1%	6,8%	3,3%	3,5%
Sector primario	-0,7%	-3,0%	2,3%	-1,2%	-3,1%	1,9%
Industria	1,2%	-0,5%	1,7%	4,5%	0,1%	4,4%
Industria manufactureira	4,7%	-0,5%	5,2%	5,5%	0,0%	5,5%
Construción	0,0%	-6,0%	6,0%	5,1%	-1,8%	6,9%
Servizos	6,5%	0,0%	6,5%	7,7%	4,7%	3,0%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	4,4%	2,5%	1,9%	6,8%	5,2%	1,6%
Sector primario	-0,7%	-1,0%	0,3%	-1,2%	-1,7%	0,5%
Industria	1,2%	1,9%	-0,7%	4,5%	3,7%	0,8%
Industria manufactureira	4,7%	2,0%	2,7%	5,5%	3,8%	1,7%
Construción	0,0%	3,1%	-3,1%	5,1%	0,8%	4,3%
Servizos	6,5%	2,9%	3,6%	7,7%	6,2%	1,5%

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia no segundo trimestre 2014, 2020-2022. (España = 100)



O MERCADO DE TRABALLO NO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022. RALENTIZACIÓN DA CREACIÓN DE EMPREGO

A ocupación moderou o seu dinamismo no segundo trimestre do ano, dinamismo que se concentrou basicamente no sector servizos, nos asalariados do sector privado e nas persoas con estudos superiores. Asemade, influenciado polos cambios normativos, a creación de emprego céntrase totalmente no emprego indefinido. Pola contra, o emprego reduciuse na construción e no sector primario, así como entre os asalariados do sector público e empresarios con asalariados. Cómpre insistir en que a creación de emprego rexístrase con maior intensidade en España que na C.A. así como que Galicia mantense entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidos.

En canto á evolución do desemprego, tras un descenso da poboación parada do 8,5% experimentado no último trimestre, a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 11,2%, que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. (12,5% en España). As taxas de paro reflicten que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino que ao masculino, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios os colectivos máis afectados polo desemprego.

Nun trimestre no que a poboación activa se incrementa respecto ao ano anterior, Galicia presenta unha mellora da ocupación e unha redución do desemprego. Dende un punto de vista agregado, as taxas de actividade, ocupación e desemprego amosan unha primeira aproximación á situación do mercado de traballo. Dunha banda, os tres indicadores presentan unha evolución positiva en relación ao mesmo período do ano precedente. Con todo, esta mellora non impide que Galicia se manteña un trimestre máis entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas.

A participación laboral dos galegos aumenta no segundo trimestre do ano ata o 53,2%, sete décimas por riba do estimado en 2021, porcentaxe que supera un trimestre máis tan só ao rexistrado en Asturias (48,9%). No conxunto do Estado a taxa de actividade ascende ata o 58,7%,.

A relación entre a poboación ocupada e a maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 47,2%, o que supón 1,2 puntos máis que no ano anterior. A pesar desta evolución, Galicia non ´só se mantén como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (43,3%), Andalucía (46,2%), e Estremadura (46,4%), senón q u e tamén presenta un aumento do diferencial con respecto á media estatal que se

sitúa en 4,2 puntos fronte aos 3,6 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 51,4%).

A taxa de paro galega descende no último ano ata o 11,2%, 1,3 puntos puntos por baixo da media estatal (12,5%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA.

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2022

miles de persoas	2020	2021	2021				2022	
			I	II	III	IV	I	II
Poboación maior de 16 anos	2.339,0	2.340,9	2.341,3	2.340,5	2.340,9	2.340,8	2.340,2	2.341,6
Poboación activa	1.220,9	1.228,2	1.218,1	1.229,1	1.239,2	1.226,4	1.232,4	1.244,7
25 - 34 anos	210,7	207,0	206,2	206,4	209,3	206,0	207,8	210,7
Poboación ocupada	1.074,2	1.085,1	1.059,8	1.076,7	1.112,5	1.091,3	1.091,4	1.105,2
Conta propia	205,3	208,2	207,6	209,5	209,1	206,6	199,0	205,6
Conta allea	868,6	876,4	851,8	867,0	902,5	884,3	892,2	899,5
Outra situación	0,4	0,5	0,4	0,2	0,9	0,4	0,2	0,2
Poboación parada	146,7	143,1	158,3	152,4	126,7	135,1	141,0	139,4
Parado longa duración	49,9	59,0	61,4	63,7	51,5	59,4	57,2	52,9
Poboación inactiva	1.118,1	1.112,7	1.123,2	1.111,4	1.101,7	1.114,4	1.107,7	1.096,9
Taxa de actividade	52,2%	52,5%	52,0%	52,5%	52,9%	52,4%	52,7%	53,2%
Taxa de ocupación	45,9%	46,4%	45,3%	46,0%	47,5%	46,6%	46,6%	47,2%
Taxa de paro	12,0%	11,7%	13,0%	12,4%	10,2%	11,0%	11,4%	11,2%
Taxa de temporalidade	24,0%	24,5%	23,3%	24,2%	26,0%	24,3%	22,5%	
Afiliacións (media trimestral)	996,0	1.014,4	992,8	1.008,5	1.030,9	1.025,4	1.023,8	1.038,8
Paro rexistrado (media trimestral)	180,3	163,4	184,0	164,6	152,1	153,1	153,9	145,9


Fonte: IGE

Poboación activa

O número de persoas activas en Galicia mantivo unha tendencia crecente ao medrar un 1,3% respecto ao ano anterior (unha décima máis que o experimentado no trimestre precedente). Tras unha medra interanual de 15.600 persoas, a poboación activa sitúase en 1.244.700 persoas, o que supón 3.000 máis que ao comezo da crise económica orixinada pola pandemia (0,2%). No conxunto do Estado a poboación activa medra un 0,7% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 1% en relación ao cuarto trimestre de 2019.

O devandito incremento rexístrase novamente tanto entre homes como, en maior medida, entre mulleres. A poboación activa feminina medra no segundo trimestre un 1,7%, o que supón 9.800 mulleres máis que no ano anterior, sendo esta porcentaxe do 0,9% no caso dos homes (5.700 persoas).

Poboación activa: variacións 2020-2022



Fonte: IGE

Asemade, o incremento ven explicado fundamentalmente pola evolución da poboación activa tanto entre as persoas españolas como de nacionalidade estranxeira, en persoas con estudios superiores e nos maiores de 45 anos e menores de 25. Dunha banda, no segundo trimestre de 2022 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 12,8% respecto ao ano anterior (8.800 persoas máis) fronte ao 0,6% no caso dos españois (6.800 persoas). Doutra banda, o número de activos con estudos superiores medra en 23.300 persoas (4,2%) e entre os comprendidos entre 45 e 54 anos en 13.700 (3,7%) fronte aos 8.100 no caso das persoas menores de 25 (16,7%).

Fronte a este incremento, o maior descenso na poboación activa prodúcese na franxa de idade comprendida entre os 35 e 44, cunha caída inte-

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 2º trimestre 2022

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,2%	58,7%	Baleares (65,4%) Madrid (63,8%) Cataluña (61,0%) A Rioxa (60,3%)	Asturias (48,9%) Galicia (53,2%) Cantabria (54,8%) Castela e León (55,3%)
Taxa de ocupación	47,2%	51,4%	Baleares (59,3%) Madrid (57,3%) Cataluña (55,3%) A Rioxa (54,1%)	Asturias (43,3%) Andalucía (46,2%) Estremadura (46,4%) Galicia (47,2%)
Taxa de paro	11,2%	12,5%	Cantabria (8,2%) País Vasco (8,8%) Navarra (8,8%) Aragón (9,0%)	Andalucía (18,7%) Canarias (17,8%) Estremadura (16,7%) Castela A Mancha
Taxa de temporalidade	20,1%	22,3%	Madrid (16,5%) Cataluña (17,8%) Cantabria (18,2%) A Rioxa (19,7%) Galicia (20,1%)	(14,1%) Andalucía (29,8%) Estremadura (29,3%) Canarias (27,3%) Murcia (25,2%)


Fonte: INE

ranual do 3,7% (12.700 persoas menos). Atendendo ao seu nivel formativo, o descenso do número de activos estímase entre as persoas coa ESO, tanto primeira etapa, con 7.200 persoas (-2%), como segunda etapa, con 3.600 activos menos (-1,3%).

Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que no segundo trimestre de 2022 pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia un total de 60.100 persoas fronte a 49.400 que

Poboación activa 2º trimestre 2022. Variación interanual




Fonte: IGE

saíron da mesma nese trimestre. Deste xeito, o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre entradas e saídas da actividade (entran máis persoas das que abandona a actividade) o que contrasta co estimado no segundo trimestre de 2020, o trimestre máis crítico por mor da crise. No mesmo trimestre do ano anterior, pasaron a formar parte da actividade un total de 64.900 persoas e saíron 47.500 persoas.

Das 59.700 persoas que entran na actividade e que no trimestre anterior formaban parte da poboación inactiva, 33.700 o fan cara o desemprego e 26.000 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, no que ao fluxo de saída da actividade se refire, 29.600 persoas que no primeiro trimestre de 2022 estaban parados saen da actividade (3.200 persoas máis que no ano anterior) e 19.800 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (1.300 persoas menos).

Fluxo da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) no 2º trimestre 2019-2022.



	2º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	25.600	4.000	18,5%
2020	17.700	- 7.900	-30,9%
2021	30.200	12.500	70,6%
2022	26.000	- 4.200	-13,9%

	2º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	21.900	2.300	11,7%
2020	37.200	15.300	69,9%
2021	21.100	- 16.100	-43,3%
2022	19.800	- 1.300	-6,2%

	2º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	36.300	- 5.200	-12,5%
2020	30.700	- 5.600	-15,4%
2021	34.700	4.000	13,0%
2022	33.700	- 1.000	-2,9%

	2º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	30.700	- 3.600	-10,5%
2020	50.100	19.400	63,2%
2021	26.400	- 23.700	-47,3%
2022	29.600	3.200	12,1%


Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

Ocupación

A ralentización no ritmo de crecemento interanual da economía galega no segundo trimestre do ano (4,4%, sete décimas menos que nos dous trimestres anteriores) ten a súa translación ao mercado de traballo atendendo á evolución das grandes cifras do nivel de ocupación e desemprego. Por terceiro trimestre consecutivo os tres indicadores da ocupación considerados -poboación ocupada, afiliacións á Seguridade Social e número de postos de traballo equivalente a tempo completo- presentan unha medra interanual menos intensa que o PIB.

No concernente ao número medio de **afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social** en Galicia, o segundo trimestre reflicte unha medra interanual do 3%, unha décima menos que no anterior, acadando as 1.038.765 afiliacións, o que supón

Evolución trimestral da ocupación en Galicia 2019-22. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE


30.292 máis que no segundo trimestre de 2021. España presenta un maior dinamismo ao medrar un 5% respecto ao ano anterior, superando o número medio de afiliacións os 20 millóns.

Atendendo á súa evolución ao longo de todo o ano 2022, cómpre mencionar a desaceleración experimentada dende o mes de marzo, cando a medra interanual era do 3,7% fronte ao 1,2% en agosto. En termos absolutos, o mes de agosto termina con 1.039.545 afiliacións, o que supón 12.054 máis das rexistrada no mesmo período do ano anterior.

As actividades de comercio ao retallo agás vehículos de motor e motocicletas seguen a ser as máis importantes en termos de ocupación, ao acoller o 10,2% da ocupación, por diante das actividades de servizos de comidas e bebidas e das actividades sanitarias cun 6,4%. As ramas de actividade que experimentaron o maior crecemento interanual foron o subsector do servizo de comidas e bebidas (CNAE 56), con 7.356 afiliacións máis, e os de servizos e aloxamento (CNAE 55) e o da educación (CNAE 85), cunha medra de 2.834 e 2.069 afiliacións respecto á media do segundo trimestre do ano anterior, respectivamente. En termos relativos cómpre mencionar o incremento do 32,2% experimentado polas mencionadas actividades de servizos de aloxamento.

Por contra, as caídas de afiliacións máis acusadas corresponden novamente ás ramas da fabricación de vehículos de motor (CNAE 29) e o sector agrogandeiro (CNAE 01), con 1.173 e 1.164 afiliacións menos respecto ao mesmo período do ano anterior. En termos relativos cómpre mencionar a

Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2018-2022



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

caída do 7,3% no caso do devandito sector de fabricación de vehículos de motor, así como o 9,2% experimentado polo sector enerxético (CNAE 29).

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 2,6% Galicia conta con 1.105.200 persoas ocupadas, 28.500 máis que no ano anterior, o que supón o nivel máis elevado nun segundo trimestre dende o ano 2009. Tras esta evolución, a taxa de ocupación

Afiliacións á Seguridade Social 2º trimestre 2021-2022: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2021		2022		22/21	
		(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	104.734	10,4	105.978	10,2	1,2	1.244
56 Servizos de comidas e bebidas	59.618	5,9	66.974	6,4	12,3	7.356
86 Actividades sanitarias	65.105	6,5	66.819	6,4	2,6	1.714
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	57.725	5,7	58.376	5,6	1,1	652
85 Educación	54.449	5,4	56.518	5,4	3,8	2.069
43 Actividades de construción especializada	49.049	4,9	50.249	4,8	2,4	1.200
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.797	4,7	48.768	4,7	2,0	971
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	34.761	3,4	33.589	3,2	-3,4	-1.173
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.262	3,3	33.316	3,2	0,2	54
10 Industria da alimentación	30.639	3,0	31.397	3,0	2,5	758
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	28.610	2,8	28.690	2,8	0,3	80
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.726	2,6	24.932	2,4	-3,1	-795
41 Construción de edificios	24.565	2,4	24.869	2,4	1,2	303
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.713	2,2	21.751	2,1	0,2	38
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	637.754	63,2	652.224	62,8	2,3	14.470
Total	1.008.473	100	1.038.765	100	3,0	30.292

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	59.618	5,9	66.974	6,4	12,3	7.356
55 Servizos de aloxamento	8.800	0,9	11.634	1,1	32,2	2.834
85 Educación	54.449	5,4	56.518	5,4	3,8	2.069
86 Actividades sanitarias	65.105	6,5	66.819	6,4	2,6	1.714
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	9.370	0,9	11.079	1,1	18,2	1.709

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	34.761	3,4	33.589	3,2	-3,4	-1.173
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	16.005	1,6	14.841	1,4	-7,3	-1.164
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.726	2,6	24.932	2,4	-3,1	-795
03 Pesca e acuicultura	17.394	1,7	17.104	1,6	-1,7	-290
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	8.602	0,9	8.414	0,8	-2,2	-188

(1) ramas CNAE 2009;


Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

ascendente ata o 47,2%, que supón 1,1 puntos porcentuais máis que no mesmo período do ano precedente. No conxunto do Estado medra seis décimas para situarse no 51,4% o que mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de ocupación, por diante de Asturias (43,3%), Andalucía (46,2%) e Estremadura (46,4%).

Tras o forte impacto da crise no emprego feminino, a mellora do mercado de traballo prodúcese con maior intensidade no caso das mulleres. No segundo trimestre de 2022 o emprego feminino aumenta en 18.600 persoas fronte ao incremento interanual de 9.700 persoas experimentado entre os homes. En termos relativos, a ocupación medra un 3,7% entre as mulleres, dous puntos por riba do estimado para os homes.

Deste xeito, a taxa de ocupación aumenta en Galicia ata o 51,3% no caso dos homes, case oito puntos superior á estimada para a ocupación feminina (43,5%). Ambas porcentaxes mantéñense por baixo do estimado para o mercado laboral español: 56,7% e 46,3%, respectivamente.

Evolución trimestral da poboación ocupada 2020-22



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación ocupada en Galicia 2º trimestre 2022: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			2022/21 (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
TOTAL	574,8	530,4	1.105,2	1,7	3,7	2,6
Sectores económicos						
Sector primario	42,6	21,8	64,4	-0,9	-6,0	-2,7
Industria	114,7	53,6	168,4	-4,1	8,9	-0,2
Construción	67,1	6,7	73,8	-6,7	8,1	-5,6
Servizos	350,4	448,2	798,6	6,0	3,5	4,6
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	120,8	84,8	205,6	-3,1	-0,1	-1,9
Empregador	39,1	29,2	68,4	-9,9	6,6	-3,5
Empresarios sen asalariados	79,1	52,4	131,5	2,9	-2,4	0,7
Membros cooperativas	1,4	0,6	2,0	-17,6	-50,0	-28,6
Axuda na empresa ou negocio familiar	1,2	2,5	3,7	-55,6	-	-28,8
Asalariados	454,0	445,5	899,5	3,1	4,4	3,7
Sector público	77,7	113,9	191,6	-3,0	-2,6	-2,7
Sector privado	376,3	331,5	707,8	4,4	7,0	5,6
Outra situación		0,2	0,2		-	-
Ocupación						
Directores e xerentes	24,1	11,4	35,5	-9,1	-13,0	-10,4
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	79,3	121,1	200,4	6,2	3,8	4,7
Técnicos e profesionais de apoio	80,0	47,3	127,4	-1,8	-4,1	-2,6
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	29,0	68,5	97,5	-6,8	6,4	2,1
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	84,7	168,2	252,9	17,5	10,2	12,6
Trab. cualificado no sector primario	35,3	18,4	53,7	8,6	-9,4	1,7
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	128,9	17,4	146,3	0,4	8,1	1,2
Operadores	72,0	16,7	88,7	-1,5	24,6	2,4
Ocupacións elementais	36,6	60,8	97,4	-9,6	-6,7	-7,9
Ocupacións militares	5,0	0,6	5,6	8,7	20,0	9,8
Grupos de idade						
16-19 anos	2,7	1,2	3,9	28,6	50,0	34,5
20-24 anos	21,0	12,0	33,0	28,8	-7,7	12,6
25-34 anos	93,0	84,9	177,9	8,1	6,3	7,2
35-44 anos	153,9	147,2	301,0	-6,7	0,5	-3,3
45-54 anos	180,4	169,1	349,5	2,8	7,6	5,0
55 e máis anos	123,9	115,9	239,8	3,0	1,3	2,2
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos e educación primaria incompleta	1,4	1,0	2,4	-41,7	25,0	-25,0
Educación primaria	13,9	7,3	21,3	11,2	12,3	12,1
Educación. secundaria	317,2	228,0	545,2	-0,6	-0,6	-0,6
Educación superior	242,3	294,1	536,4	4,9	6,9	6,0

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

Xunta á devandita maior intensidade no crecemento da ocupación feminina, o dinamismo do mercado de traballo concentrouse en maior medida no sector servizos, nos asalariados no sector privado, nas persoas con estudios superiores, con idades comprendidas entre 45-54 anos e 25.34 anos, entre aqueles "traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores". No extremo oposto redúcese a ocupación entre os empresarios con asalariados e nos asalariados no ámbito público, no sector da construción e persoas empregadas no sector primario, con estudos secundarios e unha idade entre 35-44 anos

Atendendo á situación profesional dos ocupados, cómpre resaltar que no segundo trimestre de 2022 o incremento da ocupación ven motivado polo comportamento dos asalariados no sector privado, que presenta un incremento do 5,6% respecto ao ano anterior (37.800 persoas máis), catro décimas máis que no conxunto do Estado, aumentado lixeiramente o número de empresarios sen asalariados (0,7%; 900 persoas), o que contrasta coa importante caída no conxunto de España (3,1%). A diferenza do acontecido no conxunto do Estado salienta a caída do 3,5% do número de empresarios con asalariados fronte á medra interanual do 7,7% en España, así como a redución dos asalariados do sector público en Galicia nun 2,7% fronte ao incremento do 0,4% no Estado.


Poboación ocupada en Galicia no 2º trimestre 2022: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2022 (en miles de persoas)			22/21 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.105,2	574,8	530,4	2,6%	1,7%	3,7%
Sector Primario	64,4	42,6	21,8	-2,7%	-0,9%	-6,0%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	44,4	26,7	17,8	-5,5%	-4,0%	-7,3%
Pesca e acuicltura	20,0	15,9	4,1	4,2%	4,6%	2,5%
Industria	168,4	114,7	53,6	-0,2%	-4,1%	8,9%
Industrias extractivas	3,4	2,9	0,5	-24,4%	-27,5%	
Industria manufactureira	157,1	106,7	50,4	2,5%	-0,1%	8,6%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	7,9	5,2	2,7	-28,8%	-40,9%	17,4%
Construción	73,8	67,1	6,7	-5,6%	-6,7%	8,1%
Servizos	798,6	350,4	448,2	4,6%	6,0%	3,5%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	174,7	83,9	90,8	5,8%	1,8%	9,7%
Transporte e almacenamento	54,9	42,7	12,2	11,8%	6,8%	34,1%
Hostalaria	67,7	26,6	41,1	5,9%	15,2%	0,7%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	171,2	92,0	79,2	10,5%	15,9%	4,8%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	67,2	39,2	28,1	-4,3%	0,0%	-9,4%
Educación	72,4	22,1	50,2	-0,3%	-0,9%	-0,2%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	110,5	22,6	87,9	3,5%	-4,6%	5,8%
Resto de servizos	80,1	21,4	58,7	-0,9%	4,9%	-2,8%

Fonte: IGE

Tras esta evolución o sector servizos concentra o 72,3% da poboación ocupada, o que supón un total de 798.600 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,2% (157.100 persoas ocupadas). O sector da construción concentra o 6,7% da poboación ocupada total en Galicia (73.800 persoas) e as actividades do sector primario o 5,8% (66.400 persoas). No eido do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é o de comercio, cun 15,8% da poboación ocupada, por

Estrutura da ocupación en Galicia 2019 - 2022. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



diante das actividades de información, financeiras e inmobiliarias, cun 15,5%.

Ao comparar esta estrutura coa existente no mesmo trimestre do ano 2019, aumenta seis décimas o peso relativo do sector servizos e da construción, o que contrasta coas reducións experimentadas polo sector primario e a industria (tres e nove décimas, respectivamente). No que ás principais ramas de actividade se refire, cómpre mencionar o incremento do peso relativo das actividades sanitarias e de servizos sociais e a redución da hostalería, influenciado polo impacto da covid (representan o 10% e o 6,1% da ocupación total, respectivamente), así como a caída da importancia relativa do sector agroganderio e forestal e da industria manufactureira (supoñen o 4% e 14,2% da ocupación).

Calidade do emprego

A referencia á calidade e estabilidade de emprego é un aspecto clave na análise da ocupación, Con todo, os datos da EPA, que é unha enquisa ás familias, non permite observar con exactitude o impacto da última modificación laboral.

Dunha banda, a ocupación a tempo parcial no segundo trimestre de 2022 medra un 5,5% respecto ao mesmo período do ano anterior (8.100 persoas máis) fronte ao 2,2% no caso da ocupación a tempo completo (20.400 persoas máis). Isto contrasta novamente co acontecido no conxunto do Estado onde a xornada a tempo completo presenta unha medra interanual do 4,8%, reducíndose por contra seis décimas a ocupación a tempo parcial. Asemade, existe unha clara diferencia entre o acontecido no conxunto de España e Galicia no que ao emprego feminino se refire, xa que mentres que o emprego a tempo parcial medra na C.A. un 5,9%, en España se reduce un 1,6%; por contra, o traballo a tempo completo medra un 3% en Galicia entre as mulleres (1,6% entre os homes) fronte ao 6,7% en España (3,5% no caso dos homes).

Os cambios legais aprobados se reflicten nun descenso do número de persoas asalariadas con contrato temporal, que se reduce un 13,6% respecto ao ano anterior, o dobre do experimentado en España, aumentando o emprego indefinido nun 9,3%, seis décimas máis que no conxunto do Estado. O devandito descenso do emprego temporal en Galicia afecta con maior intensidade entre os varóns (15,3% fronte ao -12,3% entre as mulleres), en tanto que o emprego asalariados a tempo completo medra un 8,1% no caso dos homes e un 10,7% no das mulleres. Tras esta evolución, a taxa de temporalidade sitúase no 20,1%, máis de catro puntos inferior á rexistrada no mesmo período do ano precedente. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é considerablemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres é do 22,8% fronte ao 17,5% no caso dos homes (24,8% e 19,9% en España, respectivamente).

Desemprego

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no segundo trimestre de 2022, a poboación parada en Galicia descende en Galicia ata as 139.400 persoas, 13.000 persoas menos que no mesmo período do ano anterior, das que 71.700 son mulleres (51,4%) e 67.700 son homes (48,6%). En termos relativos, o desemprego descende un 8,5% respecto ao ano 2021. Tras esta evolución, a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 11,2%, máis dun punto inferior que no mesmo período do ano anterior (12,4%), porcentaxe que se sitúa novamente por baixo da media estatal (12,5%).

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia reflicten tamén ese descenso do desemprego, producíndose este con maior intensidade que o reflectido pola EPA. No segundo trimestre de 2022 o número de persoas paradas rexistradas redúcese nun 11,4% respecto ao mesmo período do ano anterior para situarse nas 145.885 persoas. Pese ao elevado da cifra, este descenso é máis de dez puntos inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro redúcese en case vinte e dous puntos. Atendendo á súa evolución ao longo dos último ano, cómpre resaltar que o paro rexistrado redúcese en termos interanuais en todos os meses, sendo esta caída significativamente inferior á media estatal.

Centrándose na análise da poboación ocupada (EPA), as taxas de paro reflicten que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro foi lixeiramente superior entre as mulleres, que se sitúa no 11,9% fronte ao 10,5% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial entre homes e mulleres é máis acusado en España, onde a taxa de paro feminino sitúase no 14,2% e a masculina no 11,0% (3,2 puntos de diferencia fronte aos 1,4 puntos na comparación no mercado laboral galego).

En relación ao resto das Comunidades, a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, situándose Cantabria como a autonomía con menor desemprego (8,2%), seguida de Navarra e País Vasco (8,8%). No que á taxa de paro masculina se refire, Navarra, Aragón e Cantabria presentan unha taxa de paro inferior ao 8%, en tanto que entre as mulleres Pais Vasco, Cantabria e Navarra presentan as taxas máis reducidas (inferior ao 10%).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos sitúase no 34,9%, máis dun punto superior ao estimado no mesmo período do ano precedente (33,7%), mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro é do 10,2% (11,7% en 2021) e entre os maiores de 55 anos descende ata o 9,8% (11% no ano anterior). Doutra banda, a taxa de paro descende a medida que aumenta o nivel de estudos rematados, que se


Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2020-2022.

				2019	2020	2021				2022	
	2019	2020	2021	II	II	I	II	III	IV	I	II
					(en miles de persoas)						
Población parada	145,9	146,7	143,1	140,4	142,5	158,3	152,4	126,7	135,1	141,0	139,4
Homes	69,1	69,5	67,7	68,9	71,8	74,7	71,7	61,4	63,1	64,7	67,7
Mulleres	76,8	77,2	75,4	71,4	70,7	83,6	80,6	65,3	72,0	76,4	71,7
Desemprego de longa duración	57,1	49,9	59,0	56,0	40,1	61,4	63,7	51,5	59,4	57,2	52,9
					(Taxa de variación interanual; %)						
Población parada	-12,1	0,5	-2,5	-19,8	1,5	1,0	6,9	-12,5	-5,3	-10,9	-8,5
Homes	-13,1	0,6	-2,6	-16,3	4,2	3,9	-0,1	-11,0	-3,5	-13,4	-5,6
Mulleres	-11,1	0,5	-2,3	-23,1	-1,0	-1,5	14,0	-14,0	-6,9	-8,6	-11,0
Desemprego de longa duración	-21,8	-12,6	18,2	-30,8	-28,4	10,8	58,9	-4,1	18,6	-6,8	-17,0
					(porcentraxe de poboación activa; %)						
Tasa de paro											
Total	11,8	12,0	11,7	11,3	11,9	13,0	12,4	10,2	11,0	11,4	11,2
Homes	10,7	10,9	10,6	10,7	11,5	11,8	11,3	9,5	9,9	10,1	10,5
Mulleres	12,8	13,2	12,8	12,0	12,4	14,3	13,6	11,1	12,2	12,9	11,9
Segundo nivel de estudos											
Estudos primarios	30,0	27,5	26,7	25,6	26,0	27,5	33,9	15,4	29,7	26,4	25,7
ESO. 1ª etapa	16,7	15,9	15,9	15,2	13,7	19,1	17,1	13,0	14,3	14,2	13,9
ESO. 2ª etapa	15,0	15,5	15,6	11,8	12,5	17,8	18,3	12,3	14,1	13,4	13,6
Educación superior	8,4	10,2	9,6	7,0	9,6	10,0	9,2	9,4	9,9	8,0	7,7
Segundo grupos de idade											
Menores de 25 anos	27,8	33,1	32,2	26,8	34,3	37,1	33,7	24,3	35,6	32,0	34,9
De 25 a 54 anos	11,3	11,7	11,0	10,9	11,8	12,8	11,7	9,7	9,8	10,7	10,2
Maiores de 55 anos	9,9	8,9	10,0	9,5	8,1	9,6	11,0	9,0	10,2	9,7	9,8
Segundo nacionalidade											
Española	11,1	11,3	10,7	10,8	11,3	11,8	11,5	9,6	10,1	10,5	10,6
Estranxeira	23,9	24,6	27,0	21,9	23,2	33,1	27,8	21,3	25,9	27,3	20,8

Fonte: IGE

sitúa no 25,7% no caso das persoas con estudos primarios fronte ao 7,7% entre as persoas con educación superior. Tendo en conta o incremento da taxa entre as persoas de menor formación, o diferencial aumenta ata os 18 puntos porcentuais fronte aos 13,5 puntos no mesmo período do ano anterior. Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española era do 10,6% fronte ao 20,8% entre os estranxeiros, que na comparación co conxunto do Estado resulta máis baixa no primeiro caso pero máis alta na segunda ao situarse España con porcentaxes do 11,5% e 18,9%, respectivamente.

Evolución do paro rexistrado en Galicia 2018-2022: Evolución mensual.




Fonte: IGE

Tras o acusado incremento do desemprego de longa duración consecuencia do impacto da covid, este indicador presenta por segundo trimestre consecutivo un descenso respecto ao trimestre anterior, se ben esta caída é inferior ao desemprego total. No segundo trimestre de 2022 o número de persoas que levaban doce ou máis meses en situación de desemprego situábase en 52.900, case 11.000 persoas menos que no mesmo período de 2021, cun peso relativo no paro total galego do 37,9%, case catro puntos menos que no ano anterior.

O citado descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade, rexistrándose a maior redución en termos absolutos no caso daquelas persoas maiores de 55 anos, cunha diminución interanual de 3.200 persoas (-17,4%), ao tempo que a maior caída en termos porcentuais dáse entre as persoas entre 16 e 24 anos cun descenso extraordinario do 64,1% (2.500 persoas). Atendendo á distribución segundo o nivel de estudios, o maior descenso en termos absolutos experiméntase no segmento de poboación con educación superior, cunha diminución

interanual de 7.700 persoas (-34,2%), o que contrasta co incremento entre as persoas sen estudios cunha medra de 2.000 persoas (95,2%).

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2022



Fonte: IGE

Índice Autonómico de Competitividade Fiscal 2022

A Comisión Europea, na elaboración do seu índice de competitividade rexional (ICRG), sinala que esta é "a capacidade dunha rexión para ofrecer un entorno atractivo e sostible para que as empresas e os habitantes dun país vivan e traballen nela". A elaboración do índice correspondente ao ano 2019 contempla 11 dimensións da competitividade que os agrupa en tres subíndices que representan os motores básicos dunha economía: básico (institucións, estabilidade macroeconómica, infraestruturas, sanidade e educación); eficiencia (educación superior e formación continua, eficiencia do mercado de traballo e tamaño do mercado) e innovación (preparación tecnolóxica, sofisticación empresarial e innovación).

Ao marxe destes indicadores, ao falar da competitividade dun territorio, debe contemplarse a competitividade fiscal tendo en conta o seu impacto sobre as actividades empresariais e sobre o uso e custo dos devanditos recursos.

A Fundación para o Avance de la Libertad (Madrid) e a Tax Foundation (Washington) elaboran un índice autonómico de competitividade fiscal (IACF) que permiten ofrecer unha posición relativa das diferentes CC.AA. Non constitúe así un índice absoluto ou índice ideal senón que cada indicador clasifícase en relación ao rango que cada variable nas outras CC.AA. Os autores consideran 72 variables agrupadas en cinco compoñentes; IRPF, Patrimonio, Sucesións, Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e impostos autonómicos propios.

Os datos correspondentes aos anos 2021 e 2022 (elaborado este último no mes de setembro, antes das últimas reformas aprobadas en diferentes CC.AA.) manteñen a Madrid, Biscaia, Álava, Gupuzcoa e Canarias como as rexións cunha mellor posición, sendo as menos competitivas Cataluña, a C. Valenciana, Aragón e Estremadura. Coas reformas aprobadas no último ano Galicia e Navarra son as que presentan unha mellor evolución relativa, situándose na oitava e undécima posición fronte ao posto doce e catorce do ano anterior.

A evolución do IACF dende o ano 2017 reflicte unha mellora de 0,4 puntos, o que lle permitiu avanzar no devandito ranking. Cómpre mencionar que Galicia ocupa o posto 12 en tres dos seis anos considerados, situándose no décimo terceiro no ano 2008 e no décimo posto en 2020.

Atendendo á desagregación segundo compoñentes, o devandito informe sitúa a Galicia entre as rexións máis competitivas no ámbito do imposto de sucesións e patrimonio (primeiro e segundo lugar, respectivamente), o que contrasta coa tributación autonómica propia e o ITP e AXD (décimo quinta e décimo cuarta posición, respectivamente). Atendendo á evolución ao longo do último ano,

Índice Autonómico de Competitividade Fiscal 2021-2022

	2022		2021		Variación		2022		2021		Variación
	Posto	Valor	Posto	Valor			Posto	Valor	Posto	Valor	
Madrid	1	7,43	1	7,43	-	**Navarra**	11	5,92	11	5,92	3
Biscaia	2	7,11	2	7,11	-	**Castela A Mancha**	12	5,91	12	5,91	-2
Álava	3	7,07	3	7,07	-	**Cantabria**	13	5,86	13	5,86	-2
Guipúzcoa	4	6,91	4	6,91	-	**Baleares**	14	5,74	14	5,74	-1
Canarias	5	6,29	5	6,29	-	**Estremadura**	15	5,39	15	5,39	-
Castela e León	6	6,24	6	6,24	-	**Asturias**	16	5,10	16	5,10	-
Andalucía	7	6,19	7	6,19	-	**Aragón**	17	5,08	17	5,08	-
Galicia	8	6,16	8	6,16	4	**C. Valenciana**	18	5,02	18	5,02	-
A Rioxa	9	6,01	9	6,01	-1	**Cataluña**	19	4,57	19	4,57	-
Murcia	10	6,00	10	6,00	-1						

(1) Os valores oscilan entre 0 e 10, onde o valor 0 indica a peor posición relativa e 10 a mellor posición.

cómpre mencionar que Galicia mantén o seu nivel competitivo relativo no caso do imposto de sucesións e tributos propios, mellorando dous postos no caso do imposto de patrimonio e ITP e AXG, fronte ao punto no caso do IRPF.

Índice Autonómico de Competitividade Fiscal 2022. Distribución segundo compoñentes

	2022		IRPF		Patrimonio		Sucesións		ITP y AJD		Imp propios	
	Posto	Valor	Posto	Valor	Posto	Valor	Posto	Valor	Posto	Valor	Posto	Valor
Madrid	1	7,43	4	6,63	1	10,00	5	9,85	2	8,75	1	10,00
Biscaia	2	7,11	2	7,41	3	7,05	8	9,69	2	8,75	1	10,00
Álava	3	7,07	1	7,62	4	6,55	8	9,69	2	8,75	1	10,00
Guipúzcoa	4	6,91	2	7,41	13	5,52	8	9,69	2	8,75	1	10,00
Canarias	5	6,29	11	3,93	6	6,34	13	6,56	6	8,13	5	9,23
Castela e León	6	6,24	5	5,18	6	6,34	4	9,92	16	1,22	6	8,67
Andalucía	7	6,19	8	4,55	5	6,52	1	10,00	8	5,25	15	6,00
Galicia	8	6,16	7	4,98	2	7,58	1	10,00	14	1,25	15	6,00
A Rioxa	9	6,01	10	4,01	6	6,34	15	6,43	7	6,25	10	7,33
Murcia	10	6,00	6	5,04	11	5,94	7	9,84	9	2,50	15	6,00
Navarra	11	5,92	16	2,38	18	3,94	12	8,35	1	10,00	8	8,00
C. A Mancha	12	5,91	8	4,55	6	6,34	14	6,51	14	1,25	6	8,67
Cantabria	13	5,86	12	3,37	12	5,92	1	10,00	17	0,00	8	8,00
Baleares	14	5,74	14	2,71	14	5,44	11	9,42	12	2,06	10	7,33
Estremadura	15	5,39	19	2,31	19	3,17	6	9,85	13	1,56	10	7,33
Asturias	16	5,10	13	3,13	10	6,07	19	0,87	10	2,34	15	6,00
Aragón	17	5,08	17	2,35	17	3,97	17	4,78	11	2,13	14	6,67
C. Valenciana	18	5,02	15	2,61	16	4,10	18	4,16	17	0,00	10	7,33
Cataluña	19	4,57	18	2,34	15	4,91	16	5,77	17	0,00	19	0,00

(1) Os valores oscilan entre 0 e 10, onde o valor 0 indica a peor posición relativa e 10 a mellor posición.

Entre as principais medidas fiscais postas en marcha o informe menciona a rebaixa da tarifa do imposto de patrimonio en 2019, igualándoa á estatal dese ano, constituíndo a bonificación xeral na cota do 25% aprobada antes de setembro de 2022 a maior reforma deste imposto. Esta reforma permitiu subir dous postos neste compoñente ata a segunda a segunda posición. No ámbito do imposto de sucesións, o asenso á primeira posición do ranking explícase polo incremento para o ano2020 do importe de redución aos herdeiros do grupo II, equiparándoo á redución aplicable ao grupo I. Con todo, nese ano Galicia introduciu un novo imposto, un canon aos inmobles en estado de abandono.

Asemade destaca que en 2022, Galicia modifica a escala autonómica do IRPF rebaixando os tipos dos primeiros catro tramos entre 0,1 e 0,6 puntos porcentuais e o número de tramos de 7 a 5. Tamén reduce o tipo xeral aplicable nas transmisións patrimoniais do 10% ao 9%.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
Casal de Armán
civisglobal
construimos entorno
COREN
CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja
Domusvi
Cuidamos personas en buena compañía
Galuresa
Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.
Estrella Galicia
JEALSA
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
Rodiñas
Rodman
CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO
Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo



//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2022

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es